

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0376	Implantación de aplicacións web	2023/2024	7	122	145
MP0376_12	Instalación e xestión de aplicacións web	2023/2024	7	49	58
MP0376_22	Adaptación de aplicacións web	2023/2024	7	73	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DAVID LÓPEZ AMENEDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O actual deseño do módulo fíxose tendo en conta o ámbito produtivo do IES Chan do Monte.

Situado no concello de Marín, o su ámbito natural tamén inclúe o concello de Pontevedra, cidade de algo mais de 80.000 habitantes dedicada principal ao sector servizos, e con presenza de un bo número de pemes dedicadas ao sector da informática.

As necesidades da súa área de influencia chegan en gran medida como comentarios e suxerencias feitas polas propias empresas da contorna a través das experiencias dos alumnos na formación nos centros de traballo.

Deste xeito pódese facer unha programación particular mais axustada, sempre sen perder os obxectivos marcados na lexislación correspondente.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación e configuración da infraestrutura web. HTML + linguaxe de servidor	Instalación e configuración, en local e en remoto, das aplicacións servidoras e clientes necesarias para o desenrolo do curso	18	15
2	Instalación e configuración de CMSs	Coñecer e configurar os aspectos comúns á maioría dos CMSs	5	5
3	Instalación e administración dun wiki: Mediawiki	Coñecer e configurar as características específicas do Mediawiki	4	5
4	Instalación e administración dun blog: Wordpress	Coñecer e configurar as características específicas do Wordpress	27	20
5	Xestión dunha aplicación de ofimática web: Google Drive	Coñecer e utilizar as aplicacións web existentes en Google Drive	4	5
6	Linguaxe PHP	Sintaxe xeral e xeración dinámica de páxinas.	25	10
7	Xestor de base de datos MySQL/MariaDB	Interfaces de acceso. Deseño, creación, manexo e respaldos da BD.	12	5
8	Acceso á BD con PHP	Librerías de acceso. Xeración de páxinas con datos extraídos da BD.	14	10
9	Aspectos avanzados de PHP	Xestión de sesións, cookies, HTTP, AJAX, configuracións, proxecto integrado.	28	20
10	Modificación avanzada dun CMS	Modificar as características dun CMS coa linguaxe PHP	8	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación e configuración da infraestrutura web. HTML + linguaxe de servidor	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara o contorno de desenvolvemento e os servidores para aplicacións web instalando e integrando as funcións necesarias.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o software necesario para a instalación de aplicacións web e o seu funcionamento.
CA1.2 Identifícanse as tecnoloxías empregadas polas aplicacións web.
CA1.3 Instaláronse e configuráronse servidores web e de bases de datos.
CA1.4 Recoñécense as posibilidades de procesamento nos contornos cliente servidor.
CA1.5 Engadíronse e configuráronse os compoñentes e os módulos necesarios para o procesamento de código no servidor.
CA1.6 Instalouse e configurouse o acceso a bases de datos.
CA1.7 Estableceuse e verificouse a seguridade nos accesos ao servidor.
CA1.8 Utilizáronse plataformas integradas orientadas á proba e ao desenvolvemento de aplicacións web.
CA1.9 Documentáronse os procedementos realizados.

4.1.e) Contidos

Contidos
Aplicacións web: evolución, tipos e tecnoloxías de desenvolvemento.
Utilidades de proba e instalación integrada.
Aplicacións web e sistemas informáticos.
Arquitectura dunha aplicación web: arquitectura multicapa.
Servizos complementarios existentes no sistema informático: características.
Análise de requisitos.
Servidor web: instalación e configuración.
Sistema xestor de base de datos: instalación e configuración.
Procesamento de código: linguaxes de guións de cliente e servidor.
Módulos e compoñentes necesarios.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación e configuración de CMSs	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valórouse o uso e a utilidade dos xestores de contidos.
CA2.2 Clasifícaronse os xestores de contidos segundo a funcionalidade principal do sitio web que permitan xestionar.
CA2.3 Instaláronse diversos tipos de xestores de contidos.
CA2.4 Diferenciáronse as súas características (uso, licenza, etc.).
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento.

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de xestores de contidos.
Verificación do funcionamento e do rendemento.
Licenzas de uso.
Requisitos de funcionamento.
Instalación.
Creación da base de datos.
Estrutura funcional do xestor de contidos.
Creación de contidos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación e administración dun wiki: Mediawiki	4

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.	NO
RA3 - Administra xestores de contidos e adáptalos aos requisitos, de xeito que se garanta a integridade da información.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos.
CA2.6 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.
CA2.8 Publicáronse os xestores de contidos.
CA3.1 Adaptáronse e configuráronse os módulos do xestor de contidos.
CA3.2 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís.
CA3.3 Intégráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade.
CA3.4 Realizáronse copias de seguridade.
CA3.5 Importáronse e exportáronse contidos en distintos formatos.
CA3.6 Xestionáronse patróns.
CA3.7 Intégráronse funcións de sindicación.
CA3.8 Realizáronse actualizacións.
CA3.9 Obtivéronse informes de acceso.

4.3.e) Contidos

Contidos
Publicación.
Personalización da interface.
Mecanismos de seguridade integrados.
Usuarios e grupos.
Actualizacións do xestor de contidos.
Importación e exportación da información.

Contidos

Informes.

Perfis.

Control de accesos.

Integración de módulos.

Xestión de temas.

Patróns.

Copias de seguridade.

Sindicación de contidos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalación e administración dun blog: Wordpress	27

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.	NO
RA3 - Administra xestores de contidos e adáptalos aos requisitos, de xeito que se garanta a integridade da información.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos.
CA2.6 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.
CA2.8 Publicáronse os xestores de contidos.
CA3.1 Adaptáronse e configuráronse os módulos do xestor de contidos.
CA3.2 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís.
CA3.3 Integráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade.
CA3.4 Realizáronse copias de seguridade.
CA3.5 Importáronse e exportáronse contidos en distintos formatos.
CA3.6 Xestionáronse patróns.
CA3.7 Integráronse funcións de sindicación.
CA3.8 Realizáronse actualizacións.
CA3.9 Obtivéronse informes de acceso.

4.4.e) Contidos

Contidos
Publicación.
Personalización da interface.
Mecanismos de seguridade integrados.
Usuarios e grupos.
Actualizacións do xestor de contidos.
Importación e exportación da información.

Contidos

Informes.

Perfis.

Control de accesos.

Integración de módulos.

Integración de plataformas de pagamento en liña para comercio electrónico.

Xestión de temas.

Patróns.

Copias de seguridade.

Sindicación de contidos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión dunha aplicación de ofimática web: Google Drive	4

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona aplicacións de ofimática web integrando funcións, de xeito que se asegure o acceso á información.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
CA4.2 Clasifícanse segundo a súa funcionalidade e as prestacións específicas.
CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.
CA4.4 Configúranse as aplicacións para as integrar nunha intranet.
CA4.5 Xestionáronse as contas de usuario.
CA4.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios.
CA4.7 Usáronse as aplicacións de xeito cooperativo.
CA4.8 Realizáronse copias de seguridade.
CA4.9 Elaborouse documentación relativa ao uso e á xestión das aplicacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos de aplicacións.
Instalación.
Configuración.
Integración de aplicacións heteroxéneas.
Xestión de usuarios.
Control de accesos.
Aseguramento da información.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Linguaxe PHP	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as linguaxes de guións de servidor máis salientables.
CA1.2 Recoñeceuse a relación entre as linguaxes de guións de servidor e as linguaxes de marcas utilizadas nos clientes.
CA1.3 Recoñeceuse a sintaxe básica dunha linguaxe de guións concreta.
CA1.4 Utilizáronse estruturas de control da linguaxe.
CA1.5 Definíronse e utilizáronse funcións.
CA1.6 Utilizáronse formularios para introducir información.
CA1.7 Establecéronse e usáronse mecanismos para asegurar a persistencia da información entre distintos documentos web relacionados.
CA1.7.1 Asegurouse a persistencia de información entre documentos web utilizando GET e POST
CA1.7.2 Asegurouse a persistencia de información entre documentos web a través de cookies
CA1.7.3 Asegurouse a persistencia de información entre documentos web utilizando arquivos
CA1.9 Verificouse o illamento do contorno específico de cada usuario.
0CA1.10 Deseñáronse formularios HTML e validáronse utilizando linguaxes de scripts no cliente

4.6.e) Contidos

Contidos
Formularios HTML e linguaxe de guións no cliente.
0Verificación de formularios.
Deseño e validación de formularios HTML utilizando linguaxes de scripts no cliente (CA 1.10)
Configuración do intérprete.
Clasificación das linguaxes de guións.
Relación das linguaxes de guións e as linguaxes de marcas.
Sintaxe da linguaxe de guións.

Contidos

Ferramentas de edición de código.

Elementos da linguaxe: variables e identificadores, tipos de datos, operadores e expresións, estruturas de control, comentarios, funcións integradas e de usuario, e instrucións de entrada e saída.

Xestión de erros.

Mecanismos de introdución de información: formularios.

Validación de datos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestor de base de datos MySQL/MariaDB	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os sistemas xestores de bases de datos máis utilizados en contornos web.
CA2.5 Obtívose e actualizouse a información almacenada en bases de datos.
CA2.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento e o rendemento do sistema.

4.7.e) Contidos

Contidos
Creación de bases de datos e táboas.
Recuperación da información da base de datos desde unha páxina web.
Modificación da información almacenada na base de datos: insercións, actualizacións e borrados.
Verificación da información.
Xestión de erros.
Mecanismos de seguridade e control de accesos.
Verificación do funcionamento e probas de rendemento.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Acceso á BD con PHP	14

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO
RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Utilizáronse estruturas de control da linguaxe.
CA1.5 Definíronse e utilizáronse funcións.
CA1.6 Utilizáronse formularios para introducir información.
CA1.7 Establecéronse e usáronse mecanismos para asegurar a persistencia da información entre distintos documentos web relacionados.
CA1.7.4 Asegurouse a persistencia de información entre documentos web utilizando bases de datos
CA1.8 Identificáronse e aseguráronse os usuarios que acceden ao documento web.
CA1.9 Verificouse o illamento do contorno específico de cada usuario.
CA2.2 Verificouse a integración dos sistemas xestores de bases de datos coa linguaxe de guións de servidor.
CA2.3 Configurouse na linguaxe de guións a conexión para o acceso ao sistema xestor de base de datos.
CA2.4 Creáronse bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.
CA2.5 Obtívose e actualizouse a información almacenada en bases de datos.
CA2.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento e o rendemento do sistema.

4.8.e) Contidos

Contidos
Verificación de formularios.
Autenticación de usuarios.
Control de accesos.
Configuración do intérprete.
Sintaxe da linguaxe de guións.

Contidos

Ferramentas de edición de código.

Elementos da linguaxe: variables e identificadores, tipos de datos, operadores e expresións, estruturas de control, comentarios, funcións integradas e de usuario, e instrucións de entrada e saída.

Xestión de erros.

Mecanismos de introdución de información: formularios.

Validación de datos.

Integración das linguaxes de script de servidor cos sistemas xestores de base de datos.

Conexión a bases de datos.

Creación de bases de datos e táboas.

Recuperación da información da base de datos desde unha páxina web.

Modificación da información almacenada na base de datos: insercións, actualizacións e borrados.

Verificación da información.

Xestión de erros.

Mecanismos de seguridade e control de accesos.

Verificación do funcionamento e probas de rendemento.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Aspectos avanzados de PHP	28

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO
RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Establecéronse e usáronse mecanismos para asegurar a persistencia da información entre distintos documentos web relacionados.
CA1.7.5 Asegurouse a persistencia de información entre documentos web utilizando sesións no servidor
CA2.3 Configurouse na linguaxe de guións a conexión para o acceso ao sistema xestor de base de datos.
CA2.4 Creáronse bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.
CA2.5 Obtívose e actualizouse a información almacenada en bases de datos.
CA2.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento e o rendemento do sistema.

4.9.e) Contidos

Contidos
0Verificación de formularios. Autenticación de usuarios. Control de accesos. Sesións. Sintaxe da linguaxe de guións. Ferramentas de edición de código. Elementos da linguaxe: variables e identificadores, tipos de datos, operadores e expresións, estruturas de control, comentarios, funcións integradas e de usuario, e instrucións de entrada e saída. Xestión de erros. Mecanismos de introdución de información: formularios. Validación de datos. Integración das linguaxes de script de servidor cos sistemas xestores de base de datos. Conexión a bases de datos.

Contidos

Creación de bases de datos e táboas.

Recuperación da información da base de datos desde unha páxina web.

Modificación da información almacenada na base de datos: insercións, actualizacións e borrados.

Verificación da información.

Xestión de erros.

Mecanismos de seguridade e control de accesos.

Verificación do funcionamento e probas de rendemento.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Modificación avanzada dun CMS	8

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza modificacións en xestores de contidos adaptando a súa aparencia e funcionalidade.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícouse a estrutura de directorios do xestor de contidos.
CA3.2 Recoñeceu a funcionalidade dos ficheiros que utiliza e a súa natureza (código, imaxes, configuración, etc.).
CA3.3 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar.
CA3.4 Identificáronse os recursos afectados polas modificacións.
CA3.5 Modificouse o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes.
CA3.6 Verificouse o correcto funcionamento dos cambios realizados.
CA3.7 Documentáronse os cambios realizados.

4.10.e) Contidos

Contidos
Selección das modificacións que cumpra realizar.
Recoñecemento de elementos involucrados.
Modificación da aparencia.
Incorporación e adaptación de funcionalidades.
Verificación do funcionamento.
Documentación.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En cada unidade didáctica están marcados os criterios de avaliación que son considerados como os mínimos esixibles, xunto co seu peso.

Para acadar unha avaliación positiva na unidade didáctica é necesario superar todos eles.

Para acadar a avaliación positiva de cada unidade formativa, é necesario ter todas as súas unidades didácticas aprobadas cunha nota igual ou maior ao cinco.

Os mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva tomaranse dos referentes expresados nesta programación, a través dos instrumentos da avaliación que se corresponden cos seguintes apartados:

- Proba teórica escrita: Terá un peso (na nota e na duración total da proba), nunca superior a un 30% , e consistirá en distintas preguntas teóricas de corta duración contestadas en papel ou directamente na aula virtual (a criterio do profesor). Non se poderá usar ningún material para esta proba.
- Proba práctica realizada na computadora: Terá un peso mínimo (na nota e na duración total da proba) dun 70%. Consistirá en un ou varios exercicios prácticos realizados na computadora e onde o alumno poderá utilizar todo o material que considere oportuno (apuntes e contido dixital), tendo en conta que non se lle permitirá acceder durante toda a realización da proba a ningún contido externo á súa computadora. A única conexión a calquera tipo de rede será, previa autorización do profesor, para subir os arquivos requeridos na proba á aula virtual.

Para acadar a avaliación positiva no módulo, é necesario ter todas as unidades formativas aprobadas cunha nota igual ou maior ao cinco.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que teñan que recuperar o módulo, disporán do terceiro trimestre (dado que é un módulo de segundo curso) para recuperalo.

Dado que a asignatura consta de dúas unidades formativas, no caso de ter unha aprobada (nota maior ou igual a cinco), poderá recuperarse nesta etapa únicamente a unidade formativa suspensa. No caso de non recuperarse, a unidade formativa aprobada non se gardará para futuras matriculas no módulo, tendo que repetilo enteiro.

Aos alumnos que asistan con regularidade, o profesor explicarlles e entregaralles tarefas cuya resolución involucre o dominio dos mínimos esixibles. No caso de que se traballe na aula e se entreguen todas as tarefas de xeito correcto, estos alumnos disporán dunha proba escrita teórica e unha proba práctica para poder superar o módulo.

De non cumprirse estes requisitos, a recuperación do módulo farase según a normativa xeral de ciclos, tendo o alumno que facer probas diferenciadas do caso anterior, onde se evalúen, todos os mínimos esixibles da materia. Neste caso tamén existirá unha proba escrita teórica e unha proba práctica.

En ambos supostos é necesario obter un mínimo de cinco puntos en ámbalas dúas partes para poder acadar unha avaliación positiva.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como norma xeral, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total.

O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas.

O alumnado que perdera dito dereito deberá solicitar ao profesor do módulo ou titor do ciclo a data para unha proba final extraordinaria (teórico/práctica).

Se é posible, dita data será na semana prevista polo centro para as probas extraordinarias, e onde se avaliarán os contidos mínimos da materia do módulo e cun grado de dificultade igual á desenrolada no curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación é fundamental para afinar, curso a curso, o seu contido.

Ao final do curso faremos unha enquisa onde obteremos datos acerca da satisfacción e motivación do alumnado. A enquisa será totalmente anónima dado que o que se pretende é mellorar o traballo programado. Os resultados obtidos se terán en conta para a mellora da programación do vindeiro ano.

Por outra banda, teremos en conta que un baixo porcentaxe de aprobados tamén pode indicar que algo está fallando, o que podería facernos replantexar a nosa programación ou ben os mínimos esixibles nalgún módulo do curso anterior.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial do grupo realizarase nas primeiras semanas do curso, e o seu obxectivo será coñecer algún tipo de deficiencia nalgún alumno que lle impida o traballo diario que se vai realizar na aula. A avaliación inicial é útil para detectar as seguintes situacións: diversidade por diferenzas notables na velocidade de aprendizaxe ou nivel de coñecemento, diversidade por problemas de conducta ou adaptación, e algunha discapacidade física ou psíquica.

Unha vez detectado algún problema, e tendo en conta a necesaria documentación entregada ao profesor nas anteriores etapas educativas, tomáranse as medidas necesarias recabando información ou axuda do departamento de orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención á diversidade é o xeito que permite ter en conta as diferenzas no proceso de ensinanza e aprendizaxe. A programación será o suficientemente flexible como para adaptarse ás condicións particulares de cada alumno. Tendo en conta este obxectivo utilizaranse distintas metodoloxías, cambiando a forma de enfocar os contidos en función das diferenzas detectadas na avaliación inicial, e adaptándose aos diferentes graos de autonomía existentes.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Existen diversos valores que se fomentarán na aula mediante a actividade diaria como son a liberdade e a responsabilidade, a autoestima, a tolerancia, o traballo en grupo, a puntualidade, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Serán as previstas na programación do departamento, previamente aprobadas no consello escolar.

10. Outros apartados

10.1) Publicación da programación

A programación exporase aos alumnos ao inicio de curso, na presentación do módulo, informando das unidades formativas existentes, o seu contido, unidades didacticas existentes e explicando os criterios de avaliación empregados.

Para facilitar en calquera momento o acceso de todo o alumnado á programación, a Xefatura de Departamento se encargará de deixala en Conserxería, ou accesible (dependendo das condicións sanitarias), xunto co resto dos módulos do ciclo.

10.2) Contidos non impartidos no primeiro curso

Ben sexa pola situación sanitaria ou por calquera outro motivo, todos os anos é preciso ter en conta os contidos non impartidos no primeiro curso do ciclo para integralos nos módulos do segundo curso, especialmente cando son mínimos necesarios para desenvolver o traballo do presente curso.

Reunidos os profesores de segundo, e unha vez analizados os informes individualizados realizados polos profesores do primeiro curso, repartímonos os RAs non traballados entre os nosos módulos.

Deste xeito, este módulo traballará os RAs dos seguintes módulos de primeiro:

Linguaxe de marcas:

RA7 - Traballa con sistemas empresariais de xestión de información realizando tarefas de importación, integración, aseguramento e extracción da información.

CA7.2 - Avaliáronse as características das principais aplicacións de xestión empresarial.

CA7.3 - Instaláronse aplicacións de xestión empresarial.

CA7.4 - Configuráronse e adaptáronse as aplicacións.

CA7.5 - Estableceuse e verificouse o acceso seguro á información.

CA7.6 - Xeráronse informes.

CA7.7 - Realizáronse tarefas de integración con aplicacións ofimáticas.

CA7.9 - Realizáronse tarefas de asistencia e resolución de incidencias.

O RA7 integrarase nas U.D. 2 e U.D. 5

Xestión de BD:

RA7 - Analiza e executa tarefas de aseguramento da información aplicando mecanismos de salvagarda e transferencia.

CA7.1 - Identifícanse ferramentas gráficas e en liña de comandos para a administración de copias de seguridade.

CA7.2 - Realizáronse copias de seguridade

CA7.3 - Restauráronse copias de seguridade.

CA7.4 - Identifícanse as ferramentas para vincular, importar e exportar datos.

CA7.5 - Exportáronse datos a diversos formatos

CA7.6 - Importáronse datos con distintos formatos.

CA7.7 - Transferiuse información entre sistemas xestores.

CA7.8 - Interpretouse correctamente a información subministrada polas mensaxes de erro e os ficheiros de rexistro.

O RA7 integrarase na U.D. 2

10.3) Adaptación non presencial

Para apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe usarase a aula virtual do centro educativo, utilizando todas as súas ferramentas que facilitan a docencia e a comunicación do profesor cos alumnos. Tamén se utilizarán como canles prioritarias de comunicación o correo electrónico da asignatura e o espazo abalar.

Dende o primeiro día o alumnado estará matriculado na aula virtual do centro e coñecerá os mecanismos necesarios para o seu manexo. Deste xeito, a aula virtual será utilizada na docencia presencial inicial, simplificando así a transición a calquera cambio de modalidade (semipresencial ou online) se as circunstancias así o aconsellan.

Tamén se utilizarán ferramentas de videoconferencia no caso de ser preciso (Cisco Webex ou a que a consellería dispoña no seu momento).

As probas de avaliación se realizarán preferentemente de forma presencial, salvo nunha situación excepcional, onde se realizarán a través da aula virtual e/ou videoconferencia, tendo en conta que os resultados de aprendizaxe e competencias esenciais veñen determinados polos criterios de avaliación que son mínimos esixibles desta programación.